


COÑECER A COSTA DE RIBADEO

LENDAS, HISTORIAS, TRADICIÓN, SUCECOS ... NA NOSA COSTA



Alumnas e alumnos autores deste traballo

Os "mouros" no Castro de FORNELO



Toma de Ribadeo polos ingleses



O trágico naufraxio da lancha "Nuevo Amadorín"




Unha balea en Esteiro



Onde está Anxo?



Colasín dos paus



Colasín dos paus.
Óleo de Amando Suárez Cousto

O Tesouro de Ibáñez



A loita de Santa Cruz



A dama do peite de ouro



Accidente mortal no Cargadoiro



LENDAS, HISTORIAS, TRADICIÓN, SUCECOS ... NA NOSA COSTA

Os "mouros" no Castro de FORNELO

O Castro de Fornelo é un dos castros que está catalogado no Concello de Ribadeo; atópase en Río, lugar da parroquia de Piñeira, na beira do mar case ao final da Rota 2 que facemos na nosa actividade “**Coñecer a Costa de Ribadeo**”. A forma que ten, adáptase á da península na que está ubicado e, aínda que non está escavado e ten moita maleza ao redor, son ben visibles os foxos que a rodeaban por terra. Hai tamén unha ínsua que debeu formar parte do castro e que lle chaman, precisamente, *A Illa do Castro*. A antigüidade deste castro é a mesma dos que hai na bisbarra, isto é, entre os séculos II a. C. e III d. C. (idade do ferro e época romana).

No traballo do curso anterior sobre a Toponimia dalgúns dos sitios da Costa de Ribadeo, **Fornelo** é un nome que deriva do seu correspondente latino *Fornus* = Forno. Na súa evolución, neste caso, deu *Fornelo* para referirse con esta palabra a un forno pequeno e sen importancia. Ben podería ser que este nome de *Fornelo* sexa por haber neste castro algún forno adicado á fundición de metais ou ao cocemento de fariña da primitiva comunidade deste castro. (Tomado da publicación “*Sobre os castros de Ribadeo*” de José M^a Rodríguez Díaz).

Parece ser que cerca do castro hai unha foxa labrada en roca coñecida popularmente como “**maseira dos mouros**” e isto entra dentro da tradición e lendas que sobre os restos castrexos hai en toda Galicia que veñen a contarnos que os castros, monumentos megalíticos da antigüidade (mámoas, dólmenes ...) e, en xeral, calquer resto antigo, é obra dos “**mouros**”. Estes personaxes non teñen nada que ver cos mouros do norte de África, senón que, na creencia da xente campesiña, son antigos habitantes de Galicia e que loitaron contra os invasores da nosa terra: tribos alleas, romanos e incluso os visigodos.


Na nosa cultura, os **mouros** constitúen unha tribo máxica, unha raza mítica. Así, os **mouros** son os que ergueron co seu misterioso poder, ademais dos castros e monumentos prehistóricos, castelos e torres, escavaron covas e rochas, abriron as fontes e, o máis sorprendente, levantaron e traballaron os penedos xigantescos das montañas e debaixo deles, gardan os seus tesouros e teñen pazos nos que moran debaixo da terra.

Cóntase que estes estranos seres lexendarios son altos e loiros e, algunhas veces, aparécense ás xentes normais para facer tratos con eles prometéndolles tesouros, xoias e, sobre todo, moito ouro. Das que máis se contan son as aparicións de fermosas mulleres con longos cabelos roibos semellante a unha princesa; case sempre, as súas aparicións, son nunha fonte ou regato e prométenlle ao mozo a quen se lle aparece, que, se é capaz de romper un feitizo, acompañaráo ao seu pazo maravilloso para a toda eternidade.

Seguramente que estas pretendidas aparicións de príncipes e princesas **mouros** teñan algo que ver cos achádegos de importantes xoias nos castros (torques de ouro, sobre todo). Por certo, no noso **Castro de Fornelo**, tamén se di que se atoparon “*asas de ouro*” que ben poderían ser torques celtas. E ... podería ser que nalgunha visita que fagamos ao Castro de Fornelo, apareceráenos unha fermosa princesa ou un magnífico rei **mouro** que nos doa un gran tesouro de xoias e ouro?




Os **mouros** eran moi altos e roibos e as súas mulleres dunha magnífica beleza.



Vista dos **Castro de Fornelo** onde se pode ver, á súa dereita, a *Illa do Castro*. Á esquerda, pódense apreciar os foxos que o rodeaban como defensa por terra.

Colasín dos paus



Colasín dos paus.
Óleo de Amando Suárez Couto

Na longa historia de naufraxios habidos nas nosas costas -dos que algúns narramos noutros relatos desta serie-, traémosvos este que recollemos no *Libro das Festas da Patrona de 2007* e quen no la conta é **D. Víctor Moro** e agora, eiquí, resumímolo.

Este ilustre ribadense, cóntanos o naufraxio e salvamento dun home chamado **Colasín**. Salvouse de morrer afogado grazas a que se asiu a un madeiro logo de irse a pique a súa embarcación. Este naufraxio, séguenos contando o sr. Moro, debeuse producir cerca de Ribadeo e aquí recalou este singular personaxe aínda que a súa procedencia era da comarca de Viveiro.



Seguramente, cando **Colasín** naufragou, o mar estaba así de revolto.

Uns ollos penetrantes translucían o drama da súa vida e a súa poblada barba enmarcaba un rostro curtido polo mar. Sempre camiñaba cun madeiro ou pau como recordo da súa salvación e, de aí, o alcume polo que era coñecido: **Colasín dos Paus**. A xente cría que estaba tolo. Era, como aínda pasa na actualidade con outros personaxes ben coñecidos por todos nos, dese tipos peculiares que soe haber por Ribadeo –parece ser- en tódolas épocas da nosa historia.

Facía longas camiñatas que concluían en A Coruña: “ao chegar á Coruña, fondo Colás”, repetía cando regresaba de novo a Ribadeo tralas súas recurrentes singladuras terrestres e sempre protexido polo pau que o acompañou ata a súa morte; non exactamente era sempre o mesmo pau: segundo ían pasando os anos, o pau era máis pequeno, así podía levalo mellor.

Outro ilustre personaxe ribadense, o pintor **D. Amando Suárez Couto**, pintou, sobre o fondo da Ría, a figura de Colasín que aquí reproducimos.

Toma de Ribadeo polos ingleses




Grande alarma produciuse en Ribadeo, hacia fins de xullo de 1719, ao saberse que pola costa pasaban algúns barcos dunha poderosa escuadra que Inglaterra enviara contra España por non querer o rei español, Felipe V, ingresar na alianza internacional establecida o ano anterior.

Daquela, Ribadeo só tiña como defensa das súas costas o **Forte de San Damián** e un pequeno baluarte na **Atalaia** ademais dun pequeno forte, **Arroxo**, situado na marxe de Asturias como complemento para a defensa da Ría.

O armamento de que dispuñan estes fortes era escaso e moi vello e incluso o personal encargado deste armamento non era moi apto xa que, segundo nos conta **Francisco Lanza** no "**Ribadeo Antigo**", había soldados inválidos; pero aínda así as autoridades de Ribadeo que, daquela eran os señores de "**Justicia y Regimiento**", convocaron a unha reunión que se celebrou o 3 de agosto para que vixiasen a costa e, os que tiveran armas de fogo, que as dispuxesen para a defensa da vila e que, ao primeiro aviso de perigo de invasión inglesa, viñesen con esas armas ao Forte de San Damián ou ao punto onde se lles sinalase.

Algunhas semanas máis tarde, entraron no porto de Ribadeo unhas fragatas de guerra españolas con dous barcos mercantes ingleses que apresaran no mar e este feito foi o que desencadenou que a escuadra inglesa, para liberar a eses barcos seus apresados no porto, na mañá do 27 de setembro de 1719, atacaron e conquistaron Ribadeo sen a penas resistencia xunto coas outras vilas da Ría: Castropol e Figueiras.

Despois desta conquista, os ingleses esixían como compensación para deixar libre Ribadeo, grandes sumas de diñeiro así como mercancías e alimentos en cantidades tan grandes que non eran quen de xuntalas e, os ingleses, ameazaban con saquear e queimar a vila de Ribadeo se non se lles pagaba. Logo de varias negociacións e viaxes á capital da provincia que, naquel tempo, era Mondoñedo, as autoridades de Ribadeo conseguiron por préstamo a cantidade de 600 doblóns que era a cantidade coa que se conformaban os ingleses (non sabemos a que equivalerá esta cantidade en euros).




Por fin, o 30 de setembro daquel ano, despois de tres días

moi incertos para a seguridade e integridade da vila de Ribadeo e logo de intensas negociacións, os ingleses levaron as áncoras dos seus navíos tomando rumbo á Coruña cos seus 600 doblóns a bordo e máis cousas que requisaron.

Aínda no outubro do mesmo ano houbo temores doutra invasión dos ingleses pero, por fortuna, non volveron a atacar Ribadeo, ben sei por que non lles compensaba o pago do rescate.

Se queredes completar esta historia, podedes facelo en "**Ribadeo Antigo**" de **Francisco Lanza** no seu capítulo XXV. (Os debuxos que ilustran este relato están neste libro e están feitos por **D. Amando Suárez**)



Forte de San Damián na actualidade.
Foi construído para defender a nosa Ría.

LENDAS, HISTORIAS, TRADICIONS, SUCECOS ... NA NOSA COSTA

O Tesouro de Ibáñez

Noutro *Libro das Festas da Patrona* (este de 1982), atopamos esta historia tan curiosa como improbable, que nos conta **D. Juan López Rico** e que, como el nos di ao comezo e entre paréntese, “*So pa menores de 14 anos*”.

Trata este relato de como **D. Antonio R. Ibáñez**, o **Marqués de Sargadelos** –insigne e histórico personaxe-, descobre e faise co tesouro que deixara soterrado o primeiro **Conde de Ribadeo**, **Pierre de Villaines**. Velaquí, resumida, a historia que nos conta o sr. L. Rico:



Dise que a mansión do primeiro **Conde de Ribadeo** estaba a carón do que hoxe é o **Forte de San Damián**; por onde se ven os eucaliptos. Polo ano 1390.

O tesouro nace en Normandía (Francia) de onde era **Pierre de Villaines** que amasou, a base de conseguir botíns en pequenas guerras e en operacións de contrabando, unha importante fortuna. Logo, este francés loitou ao lado do rei Enrique de Trastámara quen, no ano 1369, lle concedeu o **Condado de Ribadeo**. Para aquí se viu e, ao parecer, trouxo consigo o seu tesouro que incrementou vendendo as súas posesións de Normandía e soterrou baixo a súa mansión que dise que estaba a carón do que, máis tarde, sería o **Forte de San Damián** onde hoxe están os eucaliptos. Dise, tamén, que a fortuna que alí soterrou era tan elevada que se podería mercar o que hoxe é a provincia de Lugo.

P. Villaines non botou moito tempo por Ribadeo porque antes de rematar o século xa vendera o seu condado; marchou deixando aquí o seu tesouro e nada máis se soubo del.

Pasaron preto de 400 anos cando o mordomo da **Casa de Guimarán** (casa moi importante naquela época), atopou agochado detrás duns libros da biblioteca desta mansión, un feixe de papeis de escritura moi feble e, como non os daba lido alí, levounos ao seu cuarto e viu que eran uns papeis aló do ano 1341; parecían non ter moita importancia xa que trataban de documentos de compras e vendas pero, entre eses papeis, apareceu outro dobrado con moito coidado e cuns debuxos que a **Ibáñez** (que daquela era o *mordomo da Casa de Guimarán*), chamoulle a atención. Este documento era máis doado de ler e, traducido ao galego dicía:

“No día de hoxe (a data era de 1397) recollo as miñas cousas e deixo Ribadeo. Son inmensamente rico, pero, por circunstancias que non veñen ao caso hei de deixar a miña fortuna aquí. Só un home excepcional atopara e só se as circunstancias queren que este home poda ler este documento.”

Non daba máis explicacións pero é probable que o debuxo fora suficiente para que **Ibáñez** dera co tesouro. O certo é que o futuro **Marqués de Sargadelos** despídiuse como empregado da Casa de Guimarán e, a partir de aí convertiuse en un grande empresario con importante flota de barcos e industrias que foron a envexa de moitos.

Ibáñez debeu cometer un erro, pois un traballador da súa factoría de Sargadelos enteruse da existencia do tesouro e foi quen promoveu o motín que rematou coa súa vida; saquearon a casa de **Ibáñez** (o que hoxe é a **Casa do Concello**), mais non deron co tesouro.

O que pasara era que **Ibáñez**, aproveitando unhas obras de remodelación do **Forte de San Damián** -uns anos antes-, fixera escavar ese foso profundo dende a habitación central do cuartel no centro do castelo ata unha cova ao nivel do mar e, alí, agochou o tesouro. Din os cronistas, sen explicar moi ben o por que, os soldados e paisanos, fixeron voar o forte ese mesmo día do ano 1809.

E sabedes que, mesmo hoxe em día, aínda hai xente na procura de planos e mirando por cerca do **Forte de San Damián** por ver se atopan o **Tesouro de Ibáñez**?



O tesouro non estaba no **Pazo do Marqués de Sargadelos** (que hoxe é a **Casa do Concello**) naquel ano de 1809.

O trágico naufraxio da lancha "Nuevo Amadorín"

O barco "**Nuevo Amadorín**", con base en Burela, naufragou preto do **Faro da Illa Pancha** o día 28 de maio de 2007, mentres pescaba centolo.



Preto da **Illa Pancha**, acaeceu este triste e lamentable naufraxio coa perda dos tres mariñeiros que levaba a bordo.

Dous mariñeiros mortos e outro desaparecido durante un tempo foron o trágico saldo do naufraxio. Unha hipótese que se manexaba para explicar o sinistro era que un golpe de mar envorcouse a embarcación ou a lanzase.

A tripulación estaba formada por Máximo Blanco Galdo, Óscar Blanco (pai e fillo respectivamente) e Félix Armando Peña, de nacionalidade peruana.

O "**Nuevo Amadorín**" estaba feito de madeira vermella, tiña 9 metros de eslora e 5,93 toneladas de rexistro bruto. Fora armado en Puerto de Vega (Navia) en 1997.

As vítimas do accidente foron: o patrón, Máximo, de 43 anos, o seu fillo Óscar, de 19, e Félix, de 53. Maior sorte correu un cuarto mariñeiro que adoitaba traballar con eles, xa que ese mesmo día tiña unha cita médica e non puido saír faenar.

Tras varios días de intensa busca, o xoves 31 de maio de 2007 foi achado o cadáver do mozo que aínda continuaba desaparecido. Encontrouse a uns cen metros ao norte do Faro da Illa Pancha, somerxido a doce metros de profundidade, nunha zona de lousa de pedra que formaba un chanzo. Atopárono un grupo de mergulladores da Mariña Mercante. Rescatárono, embarcárono nunha lancha e trasladárono á lonxa de Ribadeo. Alí permaneceu á espera de que o xuíz autorizase o seu traslado a Lugo para realizarlle a autopsia.



Unha imaxe que nos quedou daqueles tristes días co o "**Nuevo Amadorín**" envorcado.

LENDAS, HISTORIAS, TRADICIÓN, SUCECOS ... NA NOSA COSTA



Había unha vez, nunha vila moi sinxela - xa hai tempo- e sen nada en particular, unha bela dama chamada Daniela cuxo pai era un importante demócrata. Ela tiña os cabelos loiros coma o sol, a pel branca coma a neve e os seus ollos semellaban dous luceiros azuis. Ao seu pai, Euxenio, parecíalle unha gran estupidez que todas as persoas fixeran o que querían, desde roubar a asasinar.

Non había control nese tempo, era un completo caos, ou o que é o mesmo: a anarquía. Era líder absoluto, o grandioso e rancio Xoán Manuel, que quería infiltrar a anarquía, e parecía que o ía conseguindo. O seu fillo, era un loitador puro e tiña por nome o de Andrés. El era un aposto galán que embelecaba a todas as rapazas. A todas, menos a Daniela. Os pais destes dous xóvenes non lles deixaban acercarse a ningún do outro bando e iso non lles gustaba nada. Xa se viran unha vez e parece que conxenaban bastante ben.

Un bo día que todo parecía máis calmado, Andrés obrigou a unha das súas serventas que lle levara unha carta escrita por el a Daniela. Quería saber a reacción, a cara que poñería cando vise que o seu admirador era el. Non lle importaba o que puidese pasar se alguén se enteraba. Cando a serventa, disfrazada, chegou alí, petou á porta e saíu correndo. Daniela colleu a carta e púxose a lela. Tiña olor a rosas. Decía que se se podían ver en Santa Cruz, as sete da tarde o domingo. Ela contestoulle dicindo que si, e mandou, tamén, a unha criada súa. O domingo, a esa hora, Daniela chegara a primeira e despois apareceu Andrés.

-Ola, Daniela, ¿verdade?

-Sí. Facía moito que non nos víamos, Andrés.

-Xa; os nosos pais non sei eu en que pensan.

-Na política. So teñen ollos para iso, nin sequera para nós.

-Bueno, tes razón; moita.

-Sí... E para que me citaches?

-Para isto.

-Para que?

-Pois para pasar un rato xuntos; a outra vez non puidemos falar moito. Queres dar un paseo?

-Dacordo.


Os dous xóvenes empezaron a charlar e coincidían en moito, tiñan os mesmos gustos. Estas visitas fixéronse frecuentes, o mesmo día e a mesma hora. Cada vez levábanse mellor.

Os seus pais sospeitaban sobre eles; cada vez poñían excusas menos cribles. Euxenio quíxose enterar do que estaba a pasar e conseguíuno. Mirou nos caixóns de Daniela e dentro dun libro estaba a carta. Pobres rapaces! El, o pai de Daniela, preparou a todo un exército para loitar o domingo ás sete da tarde. Enviou unha carta anónima a Xoán Manuel, para que batallasen alí. Se aceptaba, eso sería un sanguento conflito. Chegara a hora. Daniela e Andrés estaban sentados, sen saber o que tramaban os seus pais. De repente, moita xente íase aproximando polos dous lados. Paráronse. Estaban a uns centímetros. E... ¡iaaaaaaaaaa! Empezaron a loitar. Os dous namorados non se podían ver. Non se distinguía unha persoa. Ese conflito durou un mes e un día. Non sobrevivíu ninguén, so Andrés. El non podía conter as bágoas e decidiu suicidarse con un coitelo afiado que poñía: DANIELA E ANDRÉS, UNHA HISTORIA IMPOSIBLE.



Atardecer na *Ría de Ribadeo* visto dende *Santa Cruz*.

Unha balea en Esteiro



Nun frío inverno de 1934, na parroquia de Santa Eulalia de A Devesa, na **Praia de Esteiro**, ocorreu un feito moi curioso e impresionante: unha balea apareceu fóra da auga.

A balea é o animal máis grande que existe e, según parece, o máis grande que existiu xamais. Pode medir máis de 30 metros e pesar 150 toneladas. Aliméntase dun animal moi pequeno: o *krill*, unha especie de gamba moi abundante na Antártida.

Cando a balea varou na **Praia de Esteiro**, os seus berros despertaron aos viciños. Os mal pensados de sempre dicen que os viciños colleron medo desos berros do enorme animal alí varado que aínda tardou en morrer.

Un farmacéutico da zona chamado **Claudio Pérez Prieto**, contratou a **Cafú** –un mariñeiro experto– para sacarlle a graxa e o esperma do animal; estes dous produtos eran moi codiciados sobre todo o que se obtiña do esperma que é o *ámbar gris*. Tiveron que pedirle ao ferreiro que fixera unha serra longa para cortar a balea.

Ademáis deso, a expectación que creou na xente ante tan singular animal varado alí na praia, deu lugar a que algúns taxistas espabilados da zona fixeran varias viaxes dende Ribadeo e outros pobos do redor para visitar esta curiosidade (dádevos de conta de que nesta época do século pasado, había moi, pero que moi pouca xente, que tivera coche propio).

Non sabemos como lle saiu o negocio da venda da graxa e ámbar gris da balea ao farmacéutico Claudio Pérez Prieto; o que si é que este feito quedou na memoria da xente de A Devesa e arredores e, por iso e aquí, volo contamos agora.



Imaxes da Praia de Esteiro.

LENDAS, HISTORIAS, TRADICIÓN, SUCECOS ... NA NOSA COSTA

Onde está Anxo ?

Este feito que vou contar é un feito real; sucedeu en Rinlo, pobo onde eu nacín; contoumo meu avó e o irmán da miña avoa, que estaba alí o día que esto pasou ...

Sobre o ano 1947, unha mañá de primavera, moi fría, a maioría dos homes do pobo estaban no mar; saíran ás centolas, que era a época delas.

Anxo, que era un mozo duns vinte e poucos anos, ía andando coas *lupas* * camiño do porto onde o estaba agardando o seu pai para saír ao mar; miña tataravoa viuno e díxolle:

-Neno, moi tarde vas para o mar ... !

-Nunca é tarde se a dita é boa –contestoulle Anxo.

Ó chegar ó muelle, onde o seu pai, baixaron o bote que se chamaba “*Anxo e Xulia*”, e foron cara os *Baixos das Calabeiras*; este é un sitio donde o mar está moi bravío xa que alí rompe con moita forza; está moi preto das rochas e fai un efecto aspiradora.

Anxo estaba a popa coa *lupa*, buscando centolas e o seu pai nos remos; o resto dos mariñeiros estaban uns preto doutros. Era unha mañá tranquila, pero, de repente, veu a desgracia: un golpe de mar deulle a volta ó bote e deseguida se oíron os berros do pai que estaba agarrado ó pau da vela:

-Buscádeme ao fillo ... !

Meu bisavó e o irmán da miña avoa que estaban máis preto deles cos outros mariñeiros, empezaron a buscar; coa *lupa*, viron un *francado* (tridente) e tiraron con forza pensando que podería estar alí pero nada.


De seguido chegaron o resto dos mariñeiros e buscaron durante horas, pero a búsqueda foi en van; Anxo non apareceu. Os gritos do pai, desesperado, oíanse en todo o pobo, e todo o pobo se achegou ata alí.

A Anxo seguiron buscando durante días, semanas ... pero nunca apareceu, nin nada que se puidera relacionar con el.

A xente de Rinlo pensa que o mar o puido meter no **Ollo Cheirón**, que ten unha cova moi grande e non é doado chegar ata o fondo dela.

O mar, ás veces, é traizoeiro e pode meterse en todos os recunchos, recunchos onde nos non podemos chegar ... E de Anxo nunca máis se soubo del.

* A **lupa** é un aparello semellante a unha caixa que leva no seu fondo un cristal e utilizan os mariñeiros que, deste xeito, poden ver o fondo do mar cando van pescar centolos ou outras especies como polbos.



O mar rompendo no *Porto de Rinlo*.




A xente de Rinlo pensa que o mar o puido meter no **Ollo Cheirón** a *Anxo*.

A dama do peite de ouro

Recollemos esta lenda dun traballo de **D. Eduardo Gutiérrez** publicado en **“La Comarca del Eo”** o 22/06/1986. Tamén no libro **“As fontes de Ribadeo”** de **Alicia Sarmiento** e **Teresa Díaz**, cando nos falan da **Fonte de Espiñaredo**, cita esta lenda que dí así:

Conta a tradición que na **Fonte de Espiñaredo**, a víspera de San Xoán -23 de Xuño- aparece unha fermosa doncela que agarda naquel lugar o paso dalgún camiñante. Se tal sucede, a dona desprendéndose do **peite de ouro** que suxeita os seus cabelos pregunta ao pasaxeiro que desexa: se o peite ou o seu amor.

No primeiro caso a alfaia quéimalle as mans como se fora lume; no segundo –se acepta o seu amor-, debe seguir a tan misteriosa como belida dona ata o interior da pena, mais ¡ai!, ao día seguinte aparecerá morto.



Esta foto, tomada do libro **“As fontes de Ribadeo”** de **A. Sarmiento** e **T. Díaz**, amósanos como estaba a **Fonte de Espiñaredo** hai anos na baixada da estrada que vai dende a **Vilavella** ao **Porto de Mirasol**. Hoxe en día non se ve.



Á esta altura da estrada, por riba da **Praias dos Bloques**, estaría a Fonte.



Accidente mortal no Cargadoiro

Fai uns anos, no 1964, había un rapaz ao que lle chamaban **José Luis** aínda que os seus amigos chamábanlle "**Joli**". A súa familia estaba composta polo seu pai, a súa nai e unha irmá un pouco máis nova ca el. Era un rapaz moi popular que xogaba ao básquet e tiña éxito coas rapazas da súa idade.

Unha tarde, ía cun amigo e o seu can pequeno -que levaba nos brazos-, paseando pola zona do **Cargadoiro**, cando viu a outros rapaces maiores ca el que pasaban pola perigosa estrutura metálica por onde ían as vagonetas que, daquela, transportaban o mineral de ferro que vaciaban nos barcos

fondeados a tal fin. El tamén subiuse na compañía do seu can pero, nun momento dado, o can tambaleouse e fixo que **Joli** se caese da viga de ferro pola que ía e á que lle faltaba o piso de madeira, indo parar ás rochas onde se estrelou e morreu ao instante. O can, conseguiu quedarse sobre a viga sen caer. O amigo que o acompañaba, foi rápidamente a pedir axuda pero, cando o atoparon, xa era demasiado tarde.

No enterro había moitas persoas de Ribadeo e, entre todas elas, todos os nenos e nenas da vila.

Unha cousa moi curiosa: despois daquel suceso, o can agochouse, nunha terra plantada de millo, durante varios días pola ausencia do seu dono.



Nesta foto antiga, pode verse como era o **Cargadoiro** daquela e como cargaban os barcos o mineral de ferro que transportaban as vagonetas a través da pasarela metálica de onde caeu **Joli**.



O **Cargadoiro** na actualidade.